



ANUNCIO BASES DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E SOCIAIS DO ANO 2016

Por Resolución da Alcaldía núm. 112/2016, de data 28 de xaneiro de 2016, previo ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, aprobáronse as bases e a convocatoria ordinaria de subvencións para o fomento de actividades culturais e sociais do ano 2016:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ORDINARIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E SOCIAIS DO ANO 2016

1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a concesión de subvencións para o fomento de actividades culturais e sociais con cargo á aplicación orzamentaria 334.489, por un importe total de 4.000 euros.

O crédito previsto ten carácter ampliable, no caso de que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

2. Actividades subvencionables.

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actividades:

- A organización de actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura e teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais e artísticas.
- A organización de actividades de animación tendentes a fomentar a participación e creatividade e o mantemento das tradicións locais.
- A organización de actividades de dinamización social tendentes a fomentar a participación da cidadanía na vida social do concello.
- Os gastos de equipamento.

Non serán obxecto de subvención as actividades enumeradas no artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións, ademais de:

- Os gastos das comisións de festas para a celebración de festas parroquiais.
- Os gastos relacionados con comidas e similares (por exemplo as xuntanzas entre os membros da entidade), que non constitúan a actividade en si.
- Os gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde.
- Os gastos derivados das retencións do imposto da renda das persoas físicas (IRPF).

Todos os proxectos subvencionables deberán empregar a lingua galega na realización das actividades.



3. Solicitantes.

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Vimianzo.
- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da cultura e da participación social.
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Vimianzo ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2016, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.
- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vimianzo, e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Vimianzo.
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.

4. Procedemento de solicitude.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vimianzo, e na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa seguinte documentación en modelo normalizado (AnexoI):

- a) Instancia individualizada por cada modalidade de actividade cultural, asinada polo presidente da entidade ou asociación, ou por quen teña conferida a delegación, debidamente acreditada.
- b) Memoria de actividades desenvolvidas no ano anterior ao da presentación da solicitude de subvención indicando as subvencións recibidas.
- c) Proxecto ou memoria detallada da actividade que se pretende realizar, na que se expliciten as datas e lugar de realización, número de participantes previstos, así como o orzamento detallado de gastos e ingresos e calquera outro dato.
- d) Declaración da entidade organizadora asinado polo secretario e co visto e praxe do presidente, na que se fagan constar as contías das axudas asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ou ente público ou privado, para o mesmo fin no ano 2016.



e) Declaración responsable, asinada polo secretario co visto e praxe do presidente, de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello, coa Facenda Autonómica e Estatal, e coa Seguridade Social.

f) Declaración da entidade, asinado polo secretario co visto e praxe do presidente, de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas e de que os datos que se achegan no expediente de solicitude responden á realidade.

5. Criterios de valoración.

As solicitudes de subvención tramitaranse en réxime de concorrência competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), e o órgano encargado do seu outorgamento será a Xunta de Goberno Local, a proposta motivada do órgano instrutor, previo informe da Comisión Técnica de Avaliación.

O instrutor será a técnica de cultura do concello de Vimianzo, ou quen a substitúa en caso de ausencia, por Resolución da Alcaldía.

A Comisión Técnica de Avaliación estará composta polos seguintes membros:

- Presidente (Alcalde ou persoa en quen delegue)
- Concelleiro de Facenda ou persoa en quen delegue
- Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue
- O Interventor ou funcionario da súa área no que delegue, técnica de cultura e técnico de deportes, un deles actuando de secretario da Comisión

Ademais dos criterios básicos para a prioridade na selección de solicitudes reseñados no artigo 13 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións, teranse en conta os seguintes criterios específicos:

a) Descrición e contidos do programa obxecto da subvención ata 40 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

- Actividades de nova organización ata 15 puntos
- Actividades de continuidade ata 25 puntos

b) Programación para o ano 2016 ata 20 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

- Número de actividades no programa ata 20 puntos

c) Repercusión social e publicidade do noso Concello ata 40 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

- Número de persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola actividade 30 puntos



- Número de socios ou persoas que compoñen a entidade ata 10 puntos

6. Outorgamento das subvencións

a) O outorgamento das subvencións correspóndelle á Xunta de Goberno Local, previo ditame da comisión informativa permanente, de cultura e deportes, da proposta do instrutor informada pola Comisión Técnica de Avaliación referida nestas bases.

b) As cantidades a solicitar como subvención deberán representar, como moito, o 100% do orzamento total previsto da actividade ou actividades.

c) As subvencións concédense condicionadas a facer constar na documentación, soporte, impreso ou publicidade de todo tipo referente ás actividades subvencionadas, que estas se realizan con financiamento do Concello de Vimianzo.

d) A suma total das contías das subvencións non pasará de 4.000€, coa salvedade recollida na base número 1.

e) Calquera falsificación dos datos achegados dará lugar á perda da subvención ou ao seu reintegro, no caso de que se cobrase.

7. Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención, que se entenderá por aceptada se no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención, non renuncia expresa e motivadamente á mesma.
- Realizar a actividade ou proxecto, ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas Bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vimianzo, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao Concello de Vimianzo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar que no momento da solicitude no Concello, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, á facenda local,



autonómica e estatal, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións; ou autorizar ao concello a que o verifique.

- Empregar a lingua galega na realización da actividades.
- Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos, que os mesmos están subvencionados polo Concello de Vimianzo.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o exercicio de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- En xeral, cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 17 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Xustificación e pagamento.

8.1. As subvencións concedidas aboaranse do seguinte xeito:

- a) O 60 por cento a partir do momento de solicitar o pagamento, tras a notificación da concesión de subvención, como pago anticipable a xustificar posteriormente e antes de recibir a contía total concedida. Non se requirirá garantía.
- b) O 40 por cento restante, unha vez presentada no Concello a seguinte documentación en modelo normalizado (Anexo II):
 - Memoria detallada da actividade realizada, conforme ao modelo que se facilitará no Departamento de Cultura do Concello. Esta memoria acompañarase dos documentos que demostren a realización da actividade, como noticias de prensa, fotografías, trípticos ou cartel... No caso de que non fose posible achegar algún destes documentos explicárase o motivo.
 - Instancia subscrita polo representante da entidade beneficiaria, dirixida ao Alcalde do Concello, solicitando o pagamento do total da subvención e achegando o correspondente impreso de xustificación de gastos, debidamente cumprimentado e asinado.
 - Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais, ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración do solicitante de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención. Estes documentos terán que reunir os requisitos esixidos na lexislación vixente.



▪ Certificación da administración competente de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello, coa Facenda Autonómica e Estatal, e coa Seguridade Social ou autorización ao Concello para obter dita información.

8.2. A realización das actividades subvencionadas será, en calquera caso, dentro do exercicio económico de 2016, debendo estar xustificadas as actividades antes do 1 de decembro de 2016.

8.3. Procederá ao reintegro das subvencións cos xuros de mora dende o momento do seu pagamento, cando o beneficiario incumpra a obriga de xustificar ou incumpra a finalidade para a que a subvención foi outorgada, ou cando obteña a subvención sen reunir as condicións requiridas para esta.

8.4. A documentación xustificativa sinalada será presentada no Rexistro Xeral do Concello. A aprobación e o pagamento corresponderá á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Xeral do Concello.

9. Publicidade.

A relación das subvencións concedidas publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Vimianzo, así como na páxina web oficial do Concello de Vimianzo, <http://www.vimianzo.es>, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas formularanse os recursos que procedan.

10. Réxime sancionador.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro.

11. Disposición final.

No non previsto na presente convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”

Vimianzo, 3 de febreiro de 2016

O alcalde

Manuel Antelo Pazos